



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


**Decembro 2018**

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Decembro 2018


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de decembro en Galicia un aumento do 1,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 3,8 puntos menos que no mes de novembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 2,7%, menos que no mes anterior (3,0 puntos).
- O Comercio aumenta a súa facturación o 1,3% e os Outros servizos o 3,1%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,8%, sete décimas máis que en España (2,1%).
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de decembro. Galicia é a terceira comunidade con menor crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a segunda comunidade co maior incremento do emprego.
- No ano 2018, o indicador de actividade do sector servizos creceu un 5,1% en Galicia, un punto menos que no conxunto de España (6,1%).
- O emprego no sector servizos incrementouse un 2,1% no ano 2018 en Galicia, unha décima menos que no conxunto do Estado (2,2%).



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de decembro en Galicia un aumento do 1,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 3,8 puntos inferior ao do mes de novembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 2,7%, 3,0 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento da facturación do 1,3%, é o que máis contribúe ao crecemento do índice xeral no mes de decembro (1,0 puntos); os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 3,1% e achegan 0,7 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 1,5% e os *Outros servizos* o 5,1%.

O aumento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que crece o 2,7% e achega 1,4 puntos á taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* e o *Comercio ao retalho* diminúen a súa facturación, -3,7% e -1,1% respectivamente.

A nivel nacional, nas actividades comerciais, é o *Comercio por xunto* a actividade con maior incremento (2,3%). A *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe a súa facturación o 1,7%.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 3,1%; rexistran taxas positivas *Transporte* (3,5%), *Hostalería* (7,4%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (7,9%). En senso contrario, presentan taxas negativas *Información e comunicacións* (-4,1%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-0,6%).

En España, os *Outros servizos* aumentan o 5,1%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores crecementos danse en *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (7,4%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (6,6%).

No ano 2018, o índice xeral aumenta un 5,1% en Galicia, un punto menos que en España (6,1%). O *Comercio* incrementa a facturación un 5,6% e os *Outros servizos* un 3,5%

O *Comercio por xunto* é o sector que máis contribúe ao crecemento da cifra de negocios no conxunto do ano, tanto en Galicia como no conxunto de España, con taxas do 6,6% e 7,7% respectivamente.

A *Hostalería* é o único sector no que diminúe a facturación no ano en Galicia, -1,6%. En España todos os sectores presentan taxas positivas.

## 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 3,5% no mes de decembro. Este incremento débese principalmente á *Hostalería*, que aumenta o 7,3% e achega 1,4 puntos á taxa de variación do índice xeral e ao *Transporte*, que crece o 6,6% e achega 0,9 puntos. En senso contrario, *Información e comunicacións* diminúe o 3,4%.


No conxunto do ano, o índice aumenta un 4,5%, sendo o *Comercio* (5,5%) e o *Transporte* (8,0%) os sectores que máis contribúen ao incremento do índice xeral, 2,4 e 1,1 puntos respectivamente. Pola contra, a *Hostalería* diminúe un 1,5%.

## 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 1,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 3,5%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



#### 1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de decembro en todas as comunidades autónomas aumentan a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores aumentos danse en Asturias (6,5%), Illes Balears (6,3%) e La Rioja (6,2%). As comunidades con menor crecemento son Castilla y León (1,0%), Aragón (1,2%) e Galicia (1,7%).

No total do ano, as comunidades con maiores incrementos son Madrid (8,7%) e Cantabria (8,2%). Os menores incrementos rexístranse en Andalucía (3,7%) e Comunitat Valenciana (3,8%).

## Índices de cifra de negocios. Decembro 2018


### Taxa de variación en %



## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,8% respecto ao mes de decembro de 2017, sete décimas máis que en España (2,1%).



O persoal ocupado aumenta un 3,6% no *Comercio* e un 2,2% nos *Outros servizos*. Entre as actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra o maior crecemento (8,4%), co que achega 1,2 puntos á taxa de variación do índice xeral.

Nos *Outros servizos*, destaca o incremento do 3,9% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*.

En España, os maiores incrementos no persoal ocupado danse en *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (3,2%) e *Información e comunicacións* (3,0%).

No ano 2018, o persoal ocupado aumenta un 2,1% en Galicia, unha décima menos que no conxunto do Estado (2,2%). A ocupación crece un 2,7% no *Comercio* e un 1,6% nos *Outros servizos*.

O maior incremento do emprego no conxunto do ano en Galicia rexístrase no *Comercio por xunto* (6,2%), mentres que na *Hostalería* diminúe o persoal ocupado o 1,4%.

No conxunto do Estado, en todos os sectores de actividade hai un incremento do emprego, sendo as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* as que amosan o maior crecemento, 3,8%.

## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de decembro con respecto ao mesmo mes do ano 2017.

Os maiores incrementos danse en Navarra (2,9%) e Galicia (2,8%). As comunidades onde menos crece a ocupación son Cantabria (0,5%), Canarias (0,6%) e Castilla y León (0,9%).

No conxunto do ano, os maiores incrementos danse en Illes Balears (3,4%) e Aragón (3,0%), mentres que Castilla y León (1,6%) rexistra o menor crecemento.

### Índices de persoal ocupado. Decembro 2018

#### Taxas de variación en %



#### Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.



## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Decembro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2018
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>126,0</b>	<b>1,7</b>	<b>5,1</b>
<b>Comercio</b>	<b>129,2</b>	<b>1,3</b>	<b>5,6</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	105,9	-3,7	8,5
Comercio por xunto	132,0	2,7	6,6
Comercio ao retallo	127,7	-1,1	2,4
<b>Outros servizos</b>	<b>116,3</b>	<b>3,1</b>	<b>3,5</b>
Transporte	106,5	3,5	3,2
Hostalería	112,7	7,4	-1,6
Información e comunicacións	121,0	-4,1	0,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	130,8	7,9	6,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	129,2	-0,6	12,5
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>124,4</b>	<b>2,7</b>	<b>6,1</b>
<b>Comercio</b>	<b>124,5</b>	<b>1,5</b>	<b>6,3</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	128,2	-1,7	8,1
Comercio por xunto	121,9	2,3	7,7
Comercio ao retallo	127,8	1,1	2,7
<b>Outros servizos</b>	<b>124,2</b>	<b>5,1</b>	<b>5,9</b>
Transporte	112,8	4,6	5,6
Hostalería	107,7	6,0	2,4
Información e comunicacións	127,5	1,9	4,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	158,4	6,6	9,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,8	7,4	7,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Decembro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2018
<b>Galicia</b>			
Xeral	123,6	3,5	4,5
Comercio	129,0	1,0	5,5
Transporte	120,7	6,6	8,0
Hostalería	113,8	7,3	-1,5
Información e comunicacións	122,0	-3,4	1,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	124,7	9,5	6,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	134,8	1,6	11,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.  
Decembro 2018**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2018
<b>ESPAÑA</b>	<b>124,4</b>	<b>2,7</b>	<b>6,1</b>
Andalucía	121,4	1,9	3,7
Aragón	122,2	1,2	7,3
Asturias	127,9	6,5	6,2
Baleares, Illes	96,1	6,3	4,9
Canarias	129,6	2,3	6,1
Cantabria	130,7	3,1	8,2
Castilla y León	120,6	1,0	4,0
Castilla-La Mancha	128,2	4,2	7,0
Cataluña	117,2	1,9	5,3
Comunitat Valenciana	121,9	2,3	3,8
Extremadura	128,4	4,0	5,3
<b>GALICIA</b>	<b>126,0</b>	<b>1,7</b>	<b>5,1</b>
Madrid	133,5	3,5	8,7
Murcia	120,8	2,5	4,3
Navarra	124,5	5,1	4,4
País Vasco	124,3	2,9	7,4
Rioja, La	127,2	6,2	6,7

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Decembro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2018
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>108,0</b>	<b>2,8</b>	<b>2,1</b>
<b>Comercio</b>	<b>108,7</b>	<b>3,6</b>	<b>2,7</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	100,7	2,5	0,7
Comercio por xunto	119,6	8,4	6,2
Comercio ao retallo	104,0	1,0	1,0
<b>Outros servizos</b>	<b>107,5</b>	<b>2,2</b>	<b>1,6</b>
Transporte	105,0	2,3	1,6
Hostalería	103,4	0,5	-1,4
Información e comunicacións	106,4	2,6	2,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,7	2,1	3,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	115,9	3,9	4,0
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>107,6</b>	<b>2,1</b>	<b>2,2</b>
<b>Comercio</b>	<b>107,5</b>	<b>1,6</b>	<b>1,6</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	106,5	2,4	2,5
Comercio por xunto	110,6	2,3	2,4
Comercio ao retallo	105,7	1,0	1,0
<b>Outros servizos</b>	<b>107,7</b>	<b>2,5</b>	<b>2,6</b>
Transporte	108,5	2,7	2,8
Hostalería	102,3	1,8	1,4
Información e comunicacións	108,2	3,0	3,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,1	2,1	2,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,5	3,2	3,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.  
Decembro 2018**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2018
<b>ESPAÑA</b>	<b>107,6</b>	<b>2,1</b>	<b>2,2</b>
Andalucía	105,9	2,6	1,7
Aragón	108,9	2,5	3,0
Asturias	105,4	2,1	1,9
Baleares, Illes	91,8	2,6	3,4
Canarias	109,9	0,6	2,0
Cantabria	107,3	0,5	1,8
Castilla y León	104,9	0,9	1,6
Castilla-La Mancha	106,3	1,2	1,7
Cataluña	108,6	2,1	2,3
Comunitat Valenciana	110,8	1,9	2,1
Extremadura	104,7	2,7	1,7
<b>GALICIA</b>	<b>108,0</b>	<b>2,8</b>	<b>2,1</b>
Madrid	108,6	2,4	2,6
Murcia	111,0	2,1	2,6
Navarra	108,3	2,9	2,7
País Vasco	106,7	2,6	1,9
Rioja, La	108,1	2,7	2,1

Fonte: INE